

Perspectiva desde Galicia dos PXE

- **Os presupostos para Galicia amosan o compromiso dos gobernos socialistas cos galegos e as galegas**
- **Son froito do peso político de Emilio Pérez Touriño e dos socialistas galegos.**
- **Certifican o anunciado polo presidente Touriño trala súa entrevista de xullo co presidente Zapatero.**
- **Os orzamentos son moi positivos para Galicia, xa que dan prioridade ao gasto social e favorecen aos mozos, aos maiores e aos cidadáns coas rendas máis baixas.**

As grandes cifras

- ❖ Galicia recibirá o 8,1% dos Presupostos Xerais do Estado, 2.020 millóns de euros. **É a primeira vez na historia que se superan os 2000 millóns no anteproxecto.**
- ❖ O peso económico de Galicia no Estado é o 5%, e o seu peso poboacional é o 6,7%, o que quere dicir que con estes Presupostos, a Comunidade Autónoma terá un 53% máis do que representa o seu peso económico, e un 32% máis que o seu peso demográfico.

Comparativas

- ❖ Cifras que triplican a media do último goberno do PP.
- ❖ Investimento do Estado por habitante en Galicia no ano 2009 será de 729 euros, un 33% máis que a media estatal situada en 549 euros. Supera nun 25% os investimentos da última lexislatura do Partido Popular.
- ❖ Orzamento global significa un 93% máis que os últimos orzamentos deseñados polo goberno do PP no ano 2004.
- ❖ Triplican os 645 millóns de euros recibidos de media no período 1997-2004, coincidindo co último goberno do PP en España.

Cifras por sectores

Ferrocarril: Galicia recibirá 909 millóns de euros, un 25,8% máis que no presente exercicio. Será a terceira autonomía con maior investimento nesta materia.

- ❖ 254 millóns de euros para o tramo Ourense-Lubián.
- ❖ 337 millóns de euros para a liña Ourense-Santiago.
- ❖ 191,5 millóns de euros para o Ave do Atlántico, a liña que conectará Coruña e Vigo, un 24% máis que neste exercicio.
- ❖ Fóra de Galicia, 254 millóns de euros para o traxecto Lubián-Zamora-Medina, co que se asegura o compromiso de Zapatero de licitar e contratar todos os tramos do AVE a Galicia no 2009.

Estradas

- ❖ 86 millóns de euros destinados á autovía do Cantábrico (A-8).
- ❖ 34,3 millóns de euros destinados á autovía Santiago-Lugo (A-54).
- ❖ 25 millóns para unir Verín coa fronteira portuguesa.
- ❖ 40 millóns para a Terceira Ronda de A Coruña.

Portos

- ❖ Destínanse a Galicia un total de 233 millóns de euros, un 7% máis.
- ❖ Porto exterior de A Coruña: 129 millóns de euros.
- ❖ Porto exterior de Ferrol: 23,7 millóns de euros.
- ❖ Ampliación peiraos de Vigo: 15 millóns de euros.

Actuacións medioambientais

- ❖ 310 millóns de euros, o principal gasto será destinado a mellorar a calidade das augas das rías.

Gasto en pensións

- ❖ 482 millóns de euros para aumentar nun 6% as prestacións mínimas a 260.000 pensionistas.

Dependencia

- ❖ 127 millóns de euros, un 38% máis.

Bolsas

- ❖ 87 millóns de euros, un 18% máis.

Pagos para o aluguer

- ❖ 21 millóns de euros; 10.700 galegos poderán optar así á Renta Básica de Emancipación.

Os orzamentos sen dúbida son:

- ❖ **"Un esforzo inédito e sen precedentes en fases anteriores"**.
- ❖ **"Trátase dun esforzo de reequilibrio e de cohesión territorial"**.
- ❖ **"Os orzamentos demostran que o Presidente Touriño ten peso no Estado, e que os socialistas galegos pesan politicamente"**
- ❖ "Por cuarto ano consecutivo Galicia recibe máis do 8% dos investimentos do Estado, un fito histórico".
- ❖ "Hai que valoralo especialmente por producirse en tempos de austeridade e de serias dificultades económicas".
- ❖ "Os orzamentos responden ás demandas que a sociedade galega necesita nestes momentos".
- ❖ "Os presupostos danlle prioridade ao investimento en infraestruturas par estimular a recuperación económica".
- ❖ "Dálle prioridades aos compromisos sociais para axudar aos máis débiles".

¿Que lle dicimos ao PP?

- ❖ "Hai que remar xuntos; é a hora dos políticos serios, non dos oportunistas. Que valoren detidamente as contas, sen demagoxias".
- ❖ Lembrarlle a súa falta de compromiso cando gobernaba. Non executaron nin un só km da autovía do Cantábrico e non acometeron nin unha soa inversión no AVE.
- ❖ Dificilmente poden criticar uns presupostos que duplican e triplican a media de investimentos en Galicia cando os populares gobernaban en Madrid e na Xunta.

EXECUCIÓN DE OBRAS

O seguimento das obras do AVE farase ao máximo nivel con reunións periódicas entre o presidente Touriño e o Goberno Central.

O ritmo de execución real dos presupostos. Comparativa.

- ❖ **O primeiro goberno de Zapatero investiu nas grandes obras galegas o dobre que o segundo presidido por Aznar.** Na primeira lexislatura de Zapatero a inversión real do Ministerio de Fomento ascendeu a 2.853 millóns de euros, fronte aos 1.390 do segundo mandato de Aznar.
- ❖ **A licitación media anual duplica co Partido Socialista á realizada co Partido Popular.** O importe medio anual da licitación de obra pública en Galicia situouse durante a pasada lexislatura en 1.255 millóns de euros, un volume que duplica o promedio do segundo mandato de Aznar, cando as obras licitadas chegaron aos 495 millóns de euros. Estes datos extraense das estatísticas do Observatorio do Sector da Construción (SEOPAN).
- ❖ **A licitación en obra pública multiplicouse por 2,5 en Galicia dende a chegada ao Goberno de Zapatero.** Na primeira lexislatura de Zapatero licitouse en obra pública en Galicia unha cantidade de 5.023 millóns de euros, fronte aos 1.983 millóns do último mandato do Partido Popular. A licitación asinada pola Administración Central en Galicia medrou durante o período 2004-2007 en 3.040 millóns de euros. Esta cifra multiplica por 2,5 a do último mandato de José María Aznar.
- ❖ **A licitación no primeiro semestre do ano 2008 en obra pública asinou en Galicia 972 millóns de euros,** cifra superior a calquera ano do período 2000-2003.
- ❖ **Galicia foi o ano pasado a quinta autonomía en volume de inversión licitada pola Administración do Estado.** Galicia foi unha das autonomía nas que a licitación do Ministerio de Fomento tivo máis peso respecto do importe total.
- ❖ **Durante o primeiro goberno de Zapatero o incremento de gasto efectivo nos proxectos ferroviarios galegos aumentou en 992 millóns de euros,** en comparación co realizado na segunda lexislatura do PP.
- ❖ **Cos gobernos do PP o investimento en ferrocarril representaba a terceira parte do investimento de Fomento. Co Partido Socialista supón case a metade, o 45 %.**
- ❖ **No AVE Santiago-Ourense esaban presupostados 1.500 millóns de euros e se licitaron 1.140 euros, o 80% da obra.**

- ❖ A execución presupuestaria no ferrocarril galego pasou de 467,9 millóns de euros no período 2000-2003, a 1.460 millóns de euros no período 2004-2007.
- ❖ O ano 2004 abriu un novo escenario para Galicia en canto a inversión estatal por superar por vez primeira os 1.000 millóns de euros. O ano 2009 volverá a marcar un novo fito, superando a inversión estatal os 2.000 millóns de euros por primeira vez na historia.

Claves:

- ❖ "En Galicia se está a realizar o **maior investimento** en equipamentos e infraestruturas **do noso tempo**".
- ❖ "O 8% significa **peso político**, fronte á discriminación e á aldraxe dos presupostos que elaboraba o Partido Popular".
- ❖ "O 4% dos presupostos dos gobernos do PP significaban **un timo para Galicia**".
- ❖ "A política de infraestruturas do PP foi fragmentada, desequilibrada, tiña os pes de barro".
- ❖ "Cando Rajoy era Vicepresidente do Goberno non tivo presentes os proxectos de infraestruturas para Galicia, as maiores licitacións foron para Cataluña e Valencia".
- ❖ "O Plan Galicia foi improvisado polo PP despois da catástrofe do Prestige. Non foi froito da planificación, senón da improvisación. Foi unha ocorrencia para ocultar as vergoñas daquel goberno".
- ❖ "O plan Galicia non pasou da condición dun simple folleto distribuído a través dos xornais".
- ❖ "O PP esquece con impudor a súa herdanza nula en infraestruturas".

Autovía do Cantábrico.

- ❖ Os PXE para 2009 prevén un investimento de 86 millóns para os tramos en construción da A-8 en Galicia, o que permitirá dar un gran impulso aos 85 quilómetros e garante a finalización de este itinerario do Cantábrico no ano 2010.
- ❖ A historia da Autovía do Cantábrico foi unha sucesión de **compromisos incumplidos polos gobernos populares**.
- ❖ Cando o PSOE chega ao Goberno de España, na maioría dos tramos da Transcantábrica non había nin proxecto nin estudos no territorio galego. No ano 2004, non había nin un só metro feito, só se puxera unha pedra nun tramo de Ribadeo, que non fora nin expropiado. Catro anos despois, tódolos tramos están en fase de execución avanzada, en obras, licitados ou abertos ao tráfico.
- ❖ A autovía é xa unha realidade incontestable grazas ao esforzo inversor dos gobernos socialistas.
- ❖ É posible grazas a ampla cooperación entre o goberno asturiano e o goberno que preside Emilio Pérez Touriño e tamén á implicación e o compromiso do Goberno central de Zapatero.
- ❖ Trátase dunha infraestrutura clave para Asturias e Galicia que lles permite unha comunicación fluída, rápida e eficaz.
- ❖ O 64% do tramo occidental da A-8 en Asturias está xa aberto ao tráfico.
- ❖ A parte galega desta infraestrutura, de 85 quilómetros de lonxitude, estará concluída no ano 2010.
- ❖ Estase a dar "un paso definitivo" para pechar en autovía a comunicación completa do Arco Atlántico Ibérico, desde a entrada por Francia ata Portugal.
- ❖ A A-8 é a "columna vertebral e eixo decisivo" desta comunicación
- ❖ O goberno que preside Pérez Touriño está a tecer unha rede de autovías que axudarán a que Galicia **abandone a periferia en materia de infraestruturas** para que o país estea vertebrado e comunicado.
- ❖ Neste ano abriranse en total 80 novos quilómetros de autovías libres de peaxe en Galicia que hai que unir aos 57 que xa puxera en marcha o actual executivo. Deste xeito, **chegarase á cifra de 137 quilómetros de vías de capacidade gratuítas. En 16 anos, co PP só se abriron 27 quilómetros de autovía**".